

DIAGNÓSTICO 2007

enquisa a **empresas** sobre a
Sociedade da Información en Galiza



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Promoción Industrial
e da Sociedade da Información



Fundación para o Fomento
da Calidade Industrial e
o Desenvolvemento
Tecnolóxico de Galicia

DIAGNÓSTICO 2007

enquisa a **empresas** sobre a Sociedade da Información en Galiza



OBSERVATORIO GALEGO
DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Este documento distribúese baixo licenza

Creative Commons 3.0 Spain Recoñecemento/Non Comercial/ Compartir baixo
a mesma licenza, dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

índice

INTRODUCCIÓN	4
0. METODOLOXÍA DO ESTUDO	6
I. CARACTERIZACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL	7
II. EQUIPAMENTO E SERVIZOS TIC	20
II.1. Equipamento tecnolóxico das empresas	20
II.2. Equipamento e utilización de sistemas informáticos	23
II.3. Equipamento e utilización de Internet. Servizos empregados a través da Rede	35
II.3.1. Equipamento de Internet	35
II.3.2. Utilización de Internet. Servizos empregados a través da Rede	50
II.3.3. Elementos de seguridade informática	53
II.4. Páxina web	55
III. COMPRAVENDA EN INTERNET	70
III.1. Compras	70
III.2. Vendas	74
IV. USOS E DESENVOLVEMENTOS TECNOLÓXICOS	84
IV.1. Persoal TIC	84
IV.2. Desenvolvementos tecnolóxicos	88
IV.3. Investimento en desenvolvementos tecnolóxicos	90
V. FORMACIÓN E AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO TIC	94
V.1. Formación	94
V.2. Axudas para o desenvolvemento TIC	101

INTRODUCCIÓN

Preséntanse no seguinte documento os resultados da Enquisa a empresas sobre a Sociedade da Información en Galiza, encomendada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información, entidade que ten, entre os seus cometidos, a realización de estudos para o seguimento e a innovación das políticas desenvolvidas nesta materia; a disposición dun conxunto de indicadores que permitan monitorizar a evolución da sociedade galega neste eido; así como a difusión e facilitación, co máximo nivel de detalle, da información sobre o desenvolvemento da Sociedade da Información ao conxunto da sociedade galega.

A enquisa realizada pretende obter unha fotografía o máis fidedigna posible da situación actual de Galiza no escenario da sociedade da información, desde a perspectiva do equipamento e utilización das novas tecnoloxías da información e a comunicación por parte do tecido empresarial galego.

O informe estrutúrase en cinco capítulos onde se analiza o conxunto da información extraída da enquisa realizada, respondendo á seguinte secuencia expositiva:

- Tras a descrición da metodoloxía deseñada e empregada para a realización da enquisa, expóñense no primeiro capítulo as características do tecido empresarial de Galiza.
- O segundo capítulo dedícase á análise do equipamento tecnolóxico e os servizos relacionados coa sociedade da información.
- No capítulo terceiro analízanse os usos empresariais en materia de comercio electrónico.
- O cuarto aborda outros usos e desenvolvementos tecnolóxicos, principalmente a contratación de persoal especialista en TIC e o nivel de investimento neste eido.
- Pecha o informe un epígrafe dedicado ao desenvolvemento por parte das empresas de actividades formativas relacionadas coas tecnoloxías ou servizos da sociedade de información, así como as axudas para o desenvolvemento das TIC.

A exposición dos contidos realízase mediante representación gráfica dos resultados ponderados do conxunto de preguntas incluídas no cuestionario para o total mostral ou conxunto de empresas, e para as dúas submostras determinadas polo volume do seu cadro de persoal: empresas con menos de 10 empregados/as e empresas con 10 e máis empregados/as. Inclúense así mesmo algúns cruzamentos por outras variables da enquisa, como a provincia de referencia, un maior nivel de desagregación do número de traballadores/as e o tipo de actividade económica á que se dedican.

Os resultados plásmanse en gráficas e táboas nas que se reflicten tanto estruturas e frecuencias¹ porcentuais, como o peso porcentual de respostas afirmativas e valores promedio, e que incorporan, ao pé, as súas respectivas bases de cálculo, aspecto importante a ter en conta de cara a unha correcta interpretación dos resultados, pois nelas se especifican os datos que corresponden á mostra total ou, pola contra, que fan referencia a submostras específicas, derivadas ben dos propios filtros do cuestionario, ben da escolla intencionada de determinadas fraccións mostrais para a elaboración de indicadores. No caso das submostras, optouse por reflectir o seu tamaño real e non o ponderado, especificado graficamente mediante “n”, co obxecto de facilitar a comprensión dos resultados.

¹ As frecuencias ou distribucións porcentuais refírense aos resultados obtidos naquelas preguntas que admiten resposta múltiple e nas que, polo tanto, a suma dos valores porcentuais pode superar o 100%.

0. METODOLOXÍA DO ESTUDO

A Enquisa a Empresas sobre a Sociedade da Información en Galiza, encomendada polo Observatorio Galego da Sociedade da Información, realizouse entre o 2 de outubro de 2007 e o 29 de febreiro de 2008, respondendo aos criterios técnicos que se expoñen a continuación:

- **Ámbito:** Galiza.
- **Universo:** Empresas con establecementos en Galiza, cunha actividade principal correspondente a 21 epígrafes da Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE); un universo finito cifrado en 77.896 unidades.
- **Tipo de enquisa:** autocobertura asesorada con remisión postal e, alternativamente, a través de medios telefónicos ou telemáticos; ou mediante cobertura presencial administrada polo/a entrevistador/a na sede da empresa.
- **Tamaño da mostra:** 984 entrevistas para o conxunto do tecido empresarial de Galiza.
- **Mostraxe:** estratificada por 21 grupos da CNAE; por 6 estratos determinados polo número de empregados/as e por 5 estratos xeográficos -as 4 provincias e 1 máis correspondente ás empresas con domicilio social da sede principal situado fóra de Galiza-. Como marco de mostra tomouse o Directorio de Empresas 2007 do IGE.
- **Erro mostral:** Para un nivel de confianza do 95,5% -2σ -, e considerando a variabilidade de proporcións máxima $-p=q= 50\%$ - o erro estatístico máximo global é do $\pm 3,2\%$, no suposto dunha mostraxe aleatoria simple para unha variable de proporcións.

O proceso de obtención da información foi obxecto dun control de calidade, concretado na supervisión do 20% dos cuestionarios de cada axente entrevistador/a -no caso das empresas que requiriron axuda para a súa cumprimentación nas propias sedes- e un proceso intensivo de validación en tres momentos: manual, previamente á gravación dos datos en soporte magnético; mediante filtros de validación no propio proceso de gravación, e mediante unha verificación de consolidación da base de datos resultante.


Para compensar as desviacións entre o tamaño dos estratos no deseño mostral e na mostra real resultante, ponderáronse os datos daqueles para o cálculo dos valores resultantes na enquisa.

I. CARACTERIZACIÓN DO TECIDO EMPRESARIAL

Este primeiro capítulo describe as características básicas das empresas que integran a mostra do estudo.

A mostra confórmana principalmente as empresas pertencentes ao sector terciario, que representan agregadamente dous terzos do total: os servizos representan o 39,9%; o comercio un 25,4%; á vez que un 1,5% desenvolve actividades financeiras. O sector da construción representa o 17,3%, sendo algo máis reducido o peso da actividade industrial -12,9%-. Un 3% dedícase ao transporte².

G.1. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS SEGUNDO ACTIVIDADE



Base: total de empresas.


Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

A Coruña e Pontevedra concentran a maior parte das empresas da mostra -39,5% e 36,4%, respectivamente-, presentando un peso semellante as compañías pertencentes ás provincias de Lugo -10,9%- e Ourense -10,1%-. Un 3,1% ten a súa sede central fóra de Galiza³.

² Inclúense no informe algúns cruzamentos segundo a actividade económica das empresas, polo que cómpre advertir do escaso tamaño mostral e polo tanto reducida representatividade estatística que teñen a industria extractiva -1 empresa- e as finanzas-15 compañías-, fronte a outros sectores.

³ A menor representatividade que ten tamén o estrato das compañías con sede principal fóra de Galiza -26 unidades do total mostral-, fai que os seus resultados deban interpretarse simplemente como tendencias, dado que as máis das veces rexistra uns valores moi diverxentes respecto da cifra global e das correspondentes ás restantes provincias.


G.2. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS SEGUNDO PROVINCIA



Base: total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

A principal variable de cruzamento do informe, o tamaño das empresas segundo o volume do seu cadro de persoal, expónse de maneira agregada na gráfica nº 3: a gran maioría das compañías que integran a mostra teñen menos de 10 traballadores/as -85,6%-. Un 14,4% ten 10 ou máis empregados/as, destacándose entre estas o peso dos estratos de 10 a 49 traballadores/as -11,7%-, tal e como reflicte a gráfica nº 4⁴.


G.3. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS SEGUNDO VOLUME DO SEU CADRO DE PERSOAL



Base: total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

4 Igualmente, en posteriores cruzamentos dos resultados segundo o número de empregados/as, debe terse en conta a menor representatividade dos estratos de 50 e máis traballadores/as.


G.4. DISTRIBUCIÓN DAS EMPRESAS SEGUNDO NÚMERO DE EMPREGADOS/AS



Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.5. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: DISTRIBUCIÓN SEGUNDO PROVINCIA



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.6. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: DISTRIBUCIÓN SEGUNDO PROVINCIA




Base: empresas con 10 e máis empregados/as.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


A partir deste punto, cómpre salientar de novo o peso do sector terciario no conxunto do tecido empresarial galego, especialmente naquelas compañías con menos de 10 empregados/as: 7 de cada 10 dedícanse á actividade comercial, financeira ou de servizos en xeral, especialmente a esta última -42,2%-. Porén, as empresas de 10 e máis empregados/as, cunha presenza tamén destacada no sector terciario, teñen un peso máis significado noutros sectores da economía: un 27,5% encádrase na industria -extractiva e de fabricación-; un 21,1% na construción e un 4,7% no transporte.

G.7. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS:
DISTRIBUCIÓN SEGUNDO ACTIVIDADE



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.8. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS:
DISTRIBUCIÓN SEGUNDO ACTIVIDADE



Base: empresas con 10 e máis empregados/as.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Aproximadamente 8 de cada 10 empresas foron creadas nas dúas últimas décadas. Un 47,4% foron fundadas entre 1991 e o ano 2000, mentres que entre o 2001 e o 2007 se creou o 31,8%. As compañías de 10 e máis empregados/as teñen en termos comparativos maior antigüidade, destacándose a porcentaxe das fundadas na década dos oitenta -27,2%-. As empresas con menos de 10 traballadores/as presentan, porén, unha distribución máis semellante á comentada para o conxunto da mostra.

G.9. ANO DE CONSTITUCIÓN DA EMPRESA




Base: total de empresas.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.10. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: ANO DE CONSTITUCIÓN DA EMPRESA



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.11. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: ANO DE CONSTITUCIÓN



Base: empresas con 10 e máis empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Desde o punto de vista da orixe do seu capital ou maior cifra de negocios, a inmensa maioría das empresas son galegas, característica máis acentuada entre as de menor tamaño -o 94,8% das que teñen menos de 10 empregados/as-. Un 5% son compañías estatais con sede ou establecementos en Galiza -o 10,5% das que teñen 10 e máis traballadores/as-; mentres que as multinacionais só representan o 1,9% sobre o conxunto da mostra -6,3% das de 10 e máis empregados/as-.

G.12. TIPO DE EMPRESA SEGUNDO ORIXE DO CAPITAL E MAIOR CIFRA DE NEGOCIOS




Base: total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.13. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS:
TIPOLOXÍA SEGUNDO ORIXE DO CAPITAL E MAIOR CIFRA
DE NEGOCIOS



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.14. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS:
TIPOLOXÍA SEGUNDO ORIXE DO CAPITAL E MAIOR CIFRA
DE NEGOCIOS




Base: empresas con 10 e máis empregados/as.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Só un 9% das empresas pertence a un grupo empresarial, porcentaxe que se eleva ata o 21,7% entre as de 10 ou máis traballadores/as.

En preto da metade dos casos trátase de filiais; mentres que un 22,7% son compañías asociadas; un 19,8% constitúen a empresa matriz e un 7% son empresas conxuntas, sen que se observen diferenzas salientables en función do seu número de empregados/as.

G.15. PERTENZA DA COMPAÑÍA A UN GRUPO EMPRESARIAL




Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.




G.16. RELACIÓN COA EMPRESA MATRIZ



Base: empresas que forman parte dun grupo empresarial.


Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.17. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: RELACIÓN COA EMPRESA MATRIZ



Base: empresas con menos de 10 empregados/as que forman parte dun grupo empresarial.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.18. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: RELACIÓN COA EMPRESA MATRIZ



Base: empresas con 10 e máis empregados/as que forman parte dun grupo empresarial.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

En canto á composición do cadro de persoal, cabe indicar en primeiro lugar que a media de traballadores/as se sitúa preto das 10 persoas, cifrándose exactamente en 9,7. Naquelas con menos de 10 empregados/as traballan unha media de 4,2 persoas, mentres que as de máis de 10 empregan a 42 traballadores/as por termo medio.

G.19. NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES/AS



Base: total de empresas.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Desde unha perspectiva de xénero conséntase unha maior presenza da poboación masculina -en consonancia coa menor taxa de ocupación das mulleres a nivel xeral- con independencia do tamaño das empresas. A única excepción neste sentido detéctase en relación cos postos asociados a funcións administrativas, exercidos principalmente por mulleres -64,4%, fronte a un 35,6% de homes, como mostra o cadro nº 4-.

C.1. NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES/AS POR FUNCIÓNS SEGUNDO O SEXO

FUNCIÓNS	HOMES	MULLERES	TOTAL
Dirección	1,1	0,4	1,5
Persoal técnico	1,3	0,5	1,8
Persoal de administración	0,4	0,8	1,2
Outras	3,8	1,3	5,1
Total (N=984)	6,6	3,0	9,7

Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

C.2. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES/AS POR FUNCIÓNS SEGUNDO O SEXO

FUNCIÓNS	HOMES	MULLERES	TOTAL
Dirección	0,9	0,4	1,3
Persoal técnico	0,5	0,2	0,7
Persoal de administración	0,2	0,4	0,6
Outras	1,1	0,5	1,6
Total (n=741)	2,6	1,6	4,2

Base: empresas con menos de 10 empregados/as.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

C.3. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: NÚMERO MEDIO DE TRABALLADORES/AS POR FUNCIÓNS SEGUNDO O SEXO

FUNCIÓNS	HOMES	MULLERES	TOTAL
Dirección	1,9	0,6	2,5
Persoal técnico	6,1	2,3	8,3
Persoal de administración	2,1	2,9	4,9
Outras	20,3	6,0	26,3
Total (n=243)	30,3	11,7	42,0

Base: empresas con 10 e máis empregados/as.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

C.4. DISTRIBUCIÓN DO CADRO DE PERSOAL POR FUNCIÓNS SEGUNDO O SEXO

FUNCIÓNS	HOMES	MULLERES	TOTAL
Dirección	72,7	27,3	100,0
Persoal técnico	70,4	29,6	100,0
Persoal de administración	35,6	64,4	100,0
Outras	74,6	25,4	100,0
Total (N=984)	68,6	31,4	100,0

Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

C.5.EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: DISTRIBUCIÓN DO CADRO DE PERSOAL POR FUNCIÓNS SEGUNDO O SEXO

FUNCIÓNS	HOMES	MULLERES	TOTAL
Dirección	71,4	28,6	100,0
Persoal técnico	66,1	33,9	100,0
Persoal de administración	27,0	73,0	100,0
Outras	67,6	32,4	100,0
Total (n=741)	62,8	37,2	100,0

Base: empresas con menos de 10 empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


C.6.EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: DISTRIBUCIÓN DO CADRO DE PERSOAL POR FUNCIÓNS SEGUNDO O SEXO

FUNCIÓNS	HOMES	MULLERES	TOTAL
Dirección	76,9	23,1	100,0
Persoal técnico	72,6	27,4	100,0
Persoal de administración	41,8	58,2	100,0
Outras	77,1	22,9	100,0
Total (n=243)	70,5	29,5	100,0

Base: empresas con 10 e máis empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


A práctica totalidade das empresas operan no mercado máis inmediato, o local/galego; á vez que un 27,9% vende tamén no resto do Estado; un 11,1% noutros países da Unión Europea e un 4,9% no resto do mundo. A venda de produtos ou servizos fóra de Galiza realízana en maior medida as compañías de 10 e máis empregados/as, tal e como reflicte a gráfica nº 22.

G.20. MERCADOS XEOGRÁFICOS NOS QUE VENDERON AS EMPRESAS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES




Base: total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.21. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: MERCADOS NOS QUE VENDERON AS EMPRESAS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.22. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: MERCADOS NOS QUE VENDERON AS EMPRESAS NOS ÚLTIMOS DOCE MESES



Base: empresas con 10 e máis empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


O 72,5% das empresas factura en Galiza un máximo de 600.000 euros ao ano, mentres que un 19,9% ten un volume de negocio superior. Loxicamente, este resultado se modula fortemente segundo o tamaño das compañías: 6 de cada 10 empresas con 10 e máis traballadores/as facturan anualmente máis de 600.000 euros, fronte a un 13,2% entre as de menos de 10.

G.23. FACTURACIÓN ANUAL DA ACTIVIDADE DA EMPRESA EN GALIZA




Base: total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.24. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: FACTURACIÓN ANUAL DA ACTIVIDADE EN GALIZA



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.25. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: FACTURACIÓN ANUAL DA ACTIVIDADE EN GALIZA



Base: empresas con 10 e máis empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


En canto ao volume de negocio das empresas de fóra de Galiza -estatais ou multinacionais- os datos son máis diverxentes: a súa facturación anual total é no 38,7% dos casos superior aos 3 millóns de euros, mentres que no 22,8% é inferior aos 600.000.

G.26. FACTURACIÓN ANUAL TOTAL DAS EMPRESAS DE FÓRA DE GALIZA




Base: empresas con sede ou establecementos fóra de Galiza.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.27. EMPRESAS DE FÓRA DE GALIZA CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: FACTURACIÓN ANUAL TOTAL



Base: empresas con menos de 10 empregados/as con sede ou establecementos fóra de Galiza.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.28. EMPRESAS DE FÓRA DE GALIZA CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: FACTURACIÓN ANUAL TOTAL




Base: empresas con 10 e máis empregados/as con sede ou establecementos fóra de Galiza.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

II. EQUIPAMENTO E SERVIZOS TIC

II.1. Equipamento tecnolóxico das empresas

Polo que respecta ao equipamento tecnolóxico das empresas, a gráfica nº 1 mostra que a gran maioría das empresas de Galiza dispoñen de ordenador -88,3%- e fax -79,9%-, mentres que algo máis da metade ten rede de área local (LAN) e telefonía móbil para comunicacións de voz⁵, rexistrando o resto do equipamento unha presenza inferior ao 50%.

G.1. EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO DAS EMPRESAS




Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Todo o equipamento tecnolóxico considerado está presente en maior medida nas empresas de 10 e máis empregados/as, sendo especialmente acusadas as variacións en comparanza coas de menos de 10 en relación coa rede de área local (LAN); os servidores para bases de datos, arquivos ou aplicacións; a Intranet corporativa; a centraliña telefónica, e a telefonía móbil para comunicacións de voz e de datos.


⁵ Entendendo como tal algún tipo de contrato específico para grupos de usuarios/as.

G.2. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS:
EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.3. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS:
EQUIPAMENTO TECNOLÓXICO



Base: empresas con 10 e máis empregados/as.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


No tocante ao uso de fax, un 24,4% das empresas utilízao para enviar toda ou a maior parte da documentación; un 44,6% envía só parte dela, mentres que un 29,9% apenas o emprega. Neste sentido, evidénciase un uso máis intenso por parte das compañías de 10 e máis traballadores/as.

G. 4. NIVEL DE USO DO FAX




Base: empresas que dispoñen de fax.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.5. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: NIVEL DE USO DO FAX



Base: empresas con menos de 10 empregados/as que dispoñen de fax.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.6. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: NIVEL DE USO DO FAX



Base: empresas con 10 e máis empregados/as que dispoñen de fax.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Atendendo á fracción de empresas que non dispoñen de fax ou que non o utilizan como vía maioritaria para o intercambio de información, compróbase que este equipamento é substituído no 46,9% dos casos polo correo electrónico, proporción que entre as empresas de 10 e máis empregados/as se eleva ata o 65,4%. Un 41,7% emprega outro tipo de canles.

G. 7. VÍA MAIORITARIA DE INTERCAMBIO DE DOCUMENTACIÓN




Base: empresas que non dispoñen de fax ou non o empregan como vía maioritaria para o intercambio de documentación.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G. 8. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: VÍA MAIORITARIA DE INTERCAMBIO DE DOCUMENTACIÓN



Base: empresas con menos de 10 empregados/as que non dispoñen de fax ou non o empregan como vía maioritaria para o intercambio de documentación.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.9. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: VÍA MAIORITARIA DE INTERCAMBIO DE DOCUMENTACIÓN




Base: empresas con 10 e máis empregados/as que non dispoñen de fax ou non o empregan como vía maioritaria para o intercambio de documentación.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

II.2. Equipamento e utilización de sistemas informáticos

A enquisa revela que á volta de dous terzos dos/as traballadores/as das empresas empregan o ordenador cando menos unha vez á semana, porcentaxe que ascende ata o 71,2% nas compañías de menos de 10 empregados/as.

G. 10. PORCENTAXE MEDIA DE TRABALLADORES/AS QUE EMPREGAN O ORDENADOR CANDO MENOS UNHA VEZ Á SEMANA SOBRE O CONXUNTO DO CADRO DE PERSOAL




Base: empresas que dispoñen de ordenador.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Doutra banda, un 12,7% das empresas conta con empregados/as que se conectan a sistemas TIC a través de redes telemáticas externas, proporción que neste caso se eleva nas compañías de maiores dimensións, isto é, nas de 10 e máis traballadores/as, situándose en concreto no 26,9%.

O máis frecuente é que o persoal que se conecta á empresa a través de redes telemáticas externas o faga desde o seu propio domicilio, tal e como indica o 77,1%. A conexión que se realiza nas viaxes de negocios desde hoteis, aeroportos, etc., ocupa un segundo lugar, mencionada no 42,7% dos casos; á que segue o acceso desde as instalacións de clientes ou empresas asociadas ou desde outras localizacións da compañía ou grupo -32,8% e 27,2%, respectivamente-.

G.11. CONEXIÓN A SISTEMAS TIC A TRAVÉS DE REDES TELEMÁTICAS EXTERNAS




Base: empresas que dispoñen de ordenador.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.




G.12. LUGARES DE ACCESO A TRAVÉS DE REDES TELEMÁTICAS EXTERNAS



Base: empresas con persoal que se conecta a sistemas TIC a través de redes telemáticas externas.


Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.13. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: LUGARES DE ACCESO A TRAVÉS DE REDES TELEMÁTICAS EXTERNAS



Base: empresas con menos de 10 empregados/as con persoal que se conecta a sistemas TIC a través de redes telemáticas externas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.14. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: LUGARES DE ACCESO A TRAVÉS DE REDES TELEMÁTICAS EXTERNAS



Base: empresas con 10 e máis empregados/as con persoal que se conecta a sistemas TIC a través de redes telemáticas externas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Sen variacións significativas segundo o tamaño das empresas, o 40,4% ten contratado o mesmo operador para os servizos de telefonía fixa, telefonía móbil e comunicación de datos.

G.15. CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE TELEFONÍA FIXA, MÓBIL E DE COMUNICACIÓN DE DATOS A TRAVÉS DUN ÚNICO OPERADOR




Base: empresas que dispoñen de ordenador.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

O 82,9% das empresas de Galiza que dispoñen de ordenador están equipadas con sistemas informáticos específicos, porcentaxe que ascende ata o 95,8% nas de 10 e máis empregados/as; de feito, como mostra a gráfica nº 18, a totalidade das compañías de 50 e máis traballadores/as contan con este tipo de equipamento.

Os sistemas informáticos destinados á xestión contable e financeira, seguidos polos de xestión de clientes e fornecedores son os máis frecuentes no conxunto do tecido empresarial -66,5% e 62,4%, respectivamente-. Un 58,9% dispón tamén de sistema/s para a xestión administrativa de vendas e compras, sendo menos habituais aqueles dirixidos á xestión da produción e da loxística -ambos os dous en torno a un 29%-.


G. 16. EQUIPAMENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS PARA A XESTIÓN



Base: empresas que dispoñen de ordenador.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.




G. 17. EMPREGO DE DISTINTOS SISTEMAS INFORMÁTICOS PARA A XESTIÓN



Base: empresas que dispoñen de ordenador.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.18. EQUIPAMENTO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS PARA A XESTIÓN SEGUNDO NÚMERO DE EMPREGADOS/AS




Base: empresas que dispoñen de ordenador.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Hai que indicar, ademais, que os distintos sistemas de xestión están máis implantados nas empresas de 10 e máis empregados/as, e mesmo os menos utilizados, os de xestión da produción e de loxística, presentan valores que se sitúan á volta do 50%.


G.19. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: EMPREGO DE DISTINTOS SISTEMAS INFORMÁTICOS PARA A XESTIÓN



Base: empresas con menos de 10 empregados/as que dispoñen de sistemas informáticos para a xestión.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.20. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: EMPREGO DE DISTINTOS SISTEMAS INFORMÁTICOS PARA A XESTIÓN




Base: empresas con 10 e máis empregados/as que dispoñen de sistemas informáticos para a xestión.


Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Os sistemas informáticos específicos para a relación comercial teñen unha menor implantación no tecido empresarial galego: un 23,5% dispón de sistema/s para a relación comercial con clientes, mentres que a proporción de empresas con sistemas específicos para a relación cos seus fornecedores se cifra no 16,7%. En ambos os dous casos, o sistema máis habitualmente empregado é a extranet da propia empresa, tal e como indica arredor da metade das compañías que os utilizan.

G.21. EMPREGO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS ESPECÍFICOS PARA A RELACIÓN COMERCIAL



Base: empresas que dispoñen de sistemas informáticos para a xestión.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.




C.1. SISTEMAS EMPREGADOS NA RELACIÓN COMERCIAL

	Extranet da propia empresa	Extranet de compras do cliente	Intercambio vía EDI ou redes similares	Nc
Na relación comercial con clientes (n=182)	49,6	11,8	11,6	29,5
Na relación comercial con fornecedores (n=131)	51,8	24,3	17,7	10,7


Base: empresas que empregan sistemas informáticos específicos para a relación comercial con clientes e/ou fornecedores.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.22. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: EMPREGO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS ESPECÍFICOS NA RELACIÓN COMERCIAL



Base: empresas con menos de 10 empregados/as que empregan sistemas informáticos para a xestión.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.23. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: EMPREGO DE SISTEMAS INFORMÁTICOS ESPECÍFICOS NA RELACIÓN COMERCIAL



Base: empresas con 10 e máis empregados/as que empregan sistemas informáticos para a xestión.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

O intercambio vía EDI (intercambio electrónico de datos) ou redes similares é máis frecuente nas empresas de 10 e máis traballadores/as para a relación cos clientes, mentres que entre as de menor tamaño é comparativamente maior a porcentaxe daquelas que empregan estan canle para a relación cos seus fornecedores -cadros nº 2 e nº 3-.

C.2. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: SISTEMAS EMPREGADOS NA RELACIÓN COMERCIAL

	Extranet da propia empresa	Extranet de compras do cliente	Intercambio vía EDI ou redes similares	Nc
Na relación comercial con clientes (n=127)	50,4	12,4	9,0	31,1
Na relación comercial con fornecedores (n=92)	52,9	24,5	18,9	9,4

Base: empresas con menos de 10 empregados/as que empregan sistemas informáticos específicos para a relación comercial con clientes e/ou fornecedores.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


C.3. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: SISTEMAS EMPREGADOS NA RELACIÓN COMERCIAL

	Extranet da propia empresa	Extranet de compras do cliente	Intercambio vía EDI ou redes similares	Nc
Na relación comercial con clientes (n=55)	45,7	8,5	24,5	21,3
Na relación comercial con fornecedores (n=39)	47,5	23,8	12,8	15,9

Base: empresas con 10 e máis empregados/as que empregan sistemas informáticos específicos para a relación comercial con clientes e/ou fornecedores.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

O 50,9% do total das compras que realizan as empresas efectúase a través de sistemas informáticos específicos para a relación comercial, porcentaxe media que entre as compañías de 10 e máis empregados/as descende lixeiramente ata o 45,9% -52,1% nas empresas de menos de 10-.


G.24. VOLUME MEDIO DE COMPRAS REALIZADAS A TRAVÉS DE SISTEMAS INFORMÁTICOS ESPECÍFICOS SOBRE O TOTAL DE COMPRAS



Base: empresas que empregan sistemas informáticos específicos para a relación comercial con clientes e/ou fornecedores.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

As empresas dedicadas ás actividades financeira e comercial son as que rexistran un maior volume medio de compras a través destas vías.


G.25. VOLUME MEDIO DE COMPRAS REALIZADAS A TRAVÉS DE SISTEMAS INFORMÁTICOS ESPECÍFICOS SOBRE O TOTAL DE COMPRAS, SEGUNDO TIPO DE ACTIVIDADE



Base: empresas que empregan sistemas informáticos específicos para a relación comercial con clientes e/ou fornecedores.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Máis reducida é a porcentaxe media de vendas realizadas a través de sistemas informáticos específicos sobre o volume total, que se cifra no 35,8%, sendo tamén lixeiramente superior o promedio correspondente ás empresas de menos de 10 empregados/as. De novo, o sector comercial, financeiro e de servizos en xeral presentan valores medios superiores ao promedio global⁶.

G.26. VOLUME MEDIO DE VENDAS REALIZADAS A TRAVÉS DE SISTEMAS INFORMÁTICOS ESPECÍFICOS SOBRE O TOTAL DE VENDAS



Base: empresas que empregan sistemas informáticos específicos para a relación comercial con clientes e/ou fornecedores.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.27. VOLUME MEDIO DE VENDAS REALIZADAS A TRAVÉS DE SISTEMAS INFORMÁTICOS ESPECÍFICOS SOBRE O TOTAL DE VENDAS, SEGUNDO TIPO DE ACTIVIDADE




Base: empresas que empregan sistemas informáticos específicos para a relación comercial con clientes e/ou fornecedores.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

6 Téñase en conta que os datos expresan unicamente tendencias, pois dado que tanto ao volume medio de vendas como ao de compras responden submostras reducidas -de 114 e 113 empresas, respectivamente-, as fraccións mostrais segundo o tipo de actividade teñen pequeno tamaño e, polo tanto, escasa representatividade estatística.

Un indicador dun uso máis avanzado das tecnoloxías da información e a comunicación aplicadas á actividade comercial das empresas é o emprego de facturación electrónica: utilízaa un 5% das compañías - o 7,3% das de 10 e máis empregados/as-.

G.28. UTILIZACIÓN DE FACTURACIÓN ELECTRÓNICA




Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Un 21,1% dispón dalgún tipo de software libre, equipamento que está máis presente nas empresas de 10 e máis empregados/as -31,2%, fronte ao 19,4% das que teñen menor volume de persoal-.

G.29. EQUIPAMENTO DE SOFTWARE LIBRE




Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

As provincias de Pontevedra e Lugo, especialmente esta última, rexistran unha maior presenza deste equipamento no tecido empresarial, superando o valor medio global -22,1% e 29,4%, respectivamente-.

G.30. EQUIPAMENTO DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO PROVINCIA




Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

A implantación do software libre é maior no sector financeiro e nos servizos en xeral⁷, con valores superiores á porcentaxe global, tal e como mostra a gráfica nº 31.

G.31. EQUIPAMENTO DE SOFTWARE LIBRE SEGUNDO TIPO DE ACTIVIDADE




Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

En canto aos distintos tipos de software libre, son algo máis frecuentes os instalados nos postos de usuario/a: sistema operativo e paquetes de ofimática, cos que conta arredor dun 13% das empresas.

⁷ Lémbrese a menor representatividade das actividades financeiras fronte aos restantes sectores, mesmo cando se trata da mostra total.


G.32. TIPO DE EQUIPAMENTO DE SOFTWARE LIBRE



Base total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


Ademais, os distintos equipamentos están algo máis presentes nas empresas de 10 e máis empregados/as que nas que teñen un menor cadro de persoal.

G.33. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: TIPO DE EQUIPAMENTO DE SOFTWARE LIBRE



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.34. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: TIPO DE EQUIPAMENTO DE SOFTWARE LIBRE




Base: empresas con 10 e máis empregados/as.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

II.3. Equipamento e utilización de Internet. Servizos empregados a través da Rede.

II.3.1. Equipamento de Internet

O 77,1% das empresas galegas dispón de acceso a Internet, proporción que ascende ata o 93,2% entre as de 10 e máis empregados/as -de feito, a partir de 100 traballadores/as todas as compañías contan con este equipamento-.


G.35. ACCESO A INTERNET CONTRATADO



Base: total de empresas.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.36. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: ACCESO A INTERNET CONTRATADO



Base: empresas con menos de 10 empregados/as.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.37. EMPRESAS CON 10 E MÁIS EMPREGADOS/AS: ACCESO A INTERNET CONTRATADO




Base: empresas con 10 e máis empregados/as.

Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


A presenza deste equipamento é maior nas compañías da provincia de A Coruña e aquelas que teñen a súa sede central fóra de Galiza -80,1% e 91,9%, respectivamente-.

G.38. ACCESO A INTERNET CONTRATADO SEGUNDO PROVINCIA



Base: total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


G.39. ACCESO A INTERNET CONTRATADO SEGUNDO NÚMERO DE EMPREGADOS/AS



Base: total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

Desde a óptica dos sectores de actividade compróbase que o acceso a Internet é universal nas compañías financeiras, sendo tamén comparativamente máis elevado nas que se dedican ao comercio por xunto e á fabricación -87,2% e 78,6%, respectivamente-. Na construción, porén, a porcentaxe descende ata o 66,8%.


G.40. ACCESO A INTERNET CONTRATADO SEGUNDO TIPO DE ACTIVIDADE



Base total de empresas.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


A falta de interese e a existencia doutras prioridades son os principais motivos indicados polas empresas que non dispoñen deste equipamento, mencionadas polo 47% e o 29% delas, respectivamente, unha tendencia que, aínda que con variacións porcentuais, non se ve modulada polo volume de empregados/as.

G.41. MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ACCESO A INTERNET




Base: empresas que non dispoñen de acceso a Internet.
 Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.

G.42. EMPRESAS CON MENOS DE 10 EMPREGADOS/AS: MOTIVOS POLOS QUE NON SE DISPÓN DE ACCESO A INTERNET



Base: empresas con menos de 10 empregados/as que non dispoñen de acceso a Internet.
Fonte: elaboración propia a partir de datos da enquisa. Ano 2007.


